

COMUNICADO DA COORDINADORA ANTIENCORO DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

A Coordinadora informa que o Defensor del Pueblo aceptou a súa queixa pola falta de contestación da Conselleira de Medio Ambiente á petición que lle formularon en novembro de 2018 para que se lles facilitara o informe que prevé a Declaración de Impacto Ambiental do Encoro.

A Consellería non lles facilitou o informe nin lles contestou, a pesares de que o dereito a obter dito informe está previsto para calquera cidadán na Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE, así como do disposto no artigo 26 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, normativa que invocóu na súa petición a Coordinadora.

Despois de esperar máis de 6 meses sin resposta da Xunta, a Coordinadora dirixíuse no mes de maio ao Defensor del Pueblo pedindo a súa intervención, o cal resolve estimar punto por punto as razóns xurídicas alegadas pola Coordinadora e dentro das súas competencias dita un requirimento para que Augas de Galicia "...suministre el informe a la reclamante", segundo transcripción literal.

Unha vez máis a Xunta revela opacidade e prepotencia nun problema de vital importancia para a saúde das persoas e a protección dos recursos naturais.

Pasado un prazo prudencial, a Coordinadora ten decidido que se a Xunta non atende a resolución do Defensor del Pueblo formalizará dita petición perante o órgano xudicial competente, xa que a omisión de dito informe suporía un defecto insubsanable que podería conlevar a nulidade da concesión, por incumprimento de condición esencial.

Por último queren lembrar á cidadanía que o que está a pasar no Umia na actualidade e todas as atrocidades ambientais perpetradas no río desde o ano 1998 teñen un responsable primeiro e directo, que é o goberno da Xunta de Galicia, pero, a partir diso, todos os que por acción ou omisión non loitan para recuperar o río teñen a mesma consideración para este colectivo e non dubidarán en esixir as responsabilidades en que cada quen teña incurrido.

¡ENCORO NON!

Caldas de Reis, 22/08/19